

1º Maio

CONTRA A REFORMA LABORAL
E OS RECORTES SOCIAIS

**NIN RENDIRSE NIN PACTAR,
É A HORA DE LOITAR**



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

www.cgtgalicia.org | www.rojoynegro.info

1r de Maig

CONTRA A REFORMA LABORAL OS RECORTES O PACTO SOCIAL

O 1º de Maio **conmemoramos a loita** que millóns de homes y mulleres vimos mantendo desde sempre **en defensa da dignidade e os dereitos da clase traballadora**. Este día recordamos a loita de 1886 en Chicago pola xornada de 8 horas, na que foron asasinados cinco traballadores anarquistas. Desde entón foron moitas as conquistas que temos arrancado á patronal: recoñecemento do dereito ao traballo, á seguridade e saúde laboral, á negociación colectiva, ás condicións de traballo dignas..., aínda que queda moito camiño por percorrer e recuperar.

O **capitalismo do século XXI** ten chegado ao máximo de desenvolvemento e globalización, e está a incrementar os seus **niveis de explotación** da clase traballadora a nivel mundial, tentando que volvamos ás condicións de **semiescravitude** de séculos atrás, roubándonos os dereitos que tanto esforzo e vidas nos teñen costado.

No noso país, a perda de dereitos é cada vez más importante e a **Reforma Laboral, os Recortes Sociais xunto ao Pacto Social**, representan a "puntilla" definitiva. O dereito ao traballo non existe. O salario, as vacacións, a seguridade, a mobilidade, as funcións, o noso lecer, a saúde, ... todo o decide o xefe. Temos perdido o dereito a unha pensión digna, á estabilidade no emprego, báixannos o soldo, despídenos, quítannos a vivenda, quedamos sen axudas para seguir sobrevivindo. Privatízanse **os servizos públicos mentres recortan os gastos sociais** para que a educación, a sanidade ou os coidados, por exemplo, só esteán garantidos a quien pode pagalo.

Para cambiar todo isto, a **CGT ten convocado xa dúas Folgas Xerais**. E seguirá peleando, como ata agora, nas rúas, nas empresas, por sectores, por territorios, en todo o país. Temos que seguir loitando, temos que seguir na rúa, temos que convocar **outras manifestacións e unha nova Folga Xeral** ata conseguir os nosos obxectivos, porque a loita é o único camiño para recuperar todo o que nos teñen roubado nos últimos anos con motivo da crise económica inducida polos ricos e os poderosos.

Ningún **dos dereitos** que tivemos ata agora nos foi regalado por ninguén, tivemos que os **pelexar**. Polo tanto, hai que mantelos e que as xeracións futuras os coñezan, os sigan defendendo e aumentando.

As traballadoras e traballadores, as clases populares, as organizacións sociais, o movemento estudiantil e xuvenil, as assembleas populares, o 15M, o movemento veciñal, plataformas de desafiuados, assembleas de parad@s... **somos os protagonistas na nova sociedade que queremos construir** cunhas bases de xustiza social, liberdade, participación, igualdade, apoio mutuo e autoxestión. Temos que traballar xunt@s para conseguir estes obxectivos.

Temos recuperar os dereitos que nos foron arrebatados, o dereito ao traballo, a ter un salario, unha pensión e unha vivenda digna, uns servizos públicos de calidade e gratuitos para toda a poboación, **temos impedir que uns poucos** ricos e sen escrúpulos nos manipulen e exploten para que traballemos humillados por e para eles.

¡ Viva o 1º de maio !

!! Viva a loita da clase obreira !!